



ALBERTE PAGÁN

Cinema

OLAIA LEDO **TEXTO**

“Esta é unha película urgente por Palestina, desde Palestina. Esta é unha película sem images porque as images son incapaces de representar a historia”. Así comeza un filme de 14 minutos que podedes ver no canal Vimeo de Alberte Pagán. Escritor e cineasta galego (eu incluíría filósofo) que acaba de recibir o premio da Crítica en artes audiovisuais en Galiza. Estreouse na cinematografía coa *Pedra do Lobo* onde comeza a súa reivindicación da figura do artista plástico Andy Warhol, ao que xa lle dedicara o libro *A mirada impasíbel* e ao que lle seguiría *A mirada inqueda*. A súa primeira ficción el defínea coma “un filme terroso, sujo, cheio de vermes, germes e vírus, un filme visceral, áspero”. Eu definiría a película como superrealista. Logo virían outras que axudan a levantar consciencias coma *Outrasvozes* que recolle fragmentos de militantes internacionalistas ou *Película Urgente sobre Palestina* coa que hoxe comecei e coa que remato porque “isto é un panfleto pola autodeterminación, polos dereitos dos povos, polo dereito ao retorno. Devo aprender que o futuro é un mundo habitábel”.